

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 9 de xuño de 2008

ASISTENTES:
Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D^a Elena Maure Noia
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

Invitados:

D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González
D^a Iolanda Veloso Ríos

D^a Raquel Díaz Vázquez
D. Xesús López Carreira

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día nove de xuño de dous mil oito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Blanco Serrano.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(897).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión do 12 de maio de 2008. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(898).- ADAPTACIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN Á NOVA LEI DE CONTRATOS. EXPTE. 4851/101.

A Xunta de Goberno local retira este punto para mellor estudio.

3(899).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS “EL OLIVO” PARA A ORGANIZACIÓN DA XIII FESTA DO MEXILLÓN. EXPTE. 2628/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, de data 15.05.08, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Animación Sociocultural, do 7.05.08, conformado polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a Federación de Peñas recreativas “El Olivo” para a coorganización da “XIII FESTA DO MEXILLÓN”.

2º.- Facultar ó concelleiro de Animación sociocultural para asinar o convenio.

3º.- Autorizar un gasto por importe de 14.000,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, que se aboará á Federación de Peñas recreativas “El Olivo” (CIF G-36.704.666), con cargo á bolsa de vinculación da partida presupostaria 4512.489.0004 (Convenio Festas gastronómicas) do programa presupostario de Animación sociocultural para o exercicio 2008.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS “EL OLIVO” PARA A COORGANIZACIÓN DA “XIII FESTA DO MEXILLÓN”

Vigo, o de de dous mil oito.

REUNIDOS

Dunha parte, D. XESÚS LÓPEZ CARREIRA, CONCELEIRO DELEGADO DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL e en representación do Concello de Vigo, CIF P-36.057.00-H, con domicilio en Vigo, praza do Rei, s/n; no sucesivo O CONCELLO.

Doutra parte, D. BALBINO MOREIRA VÁLLEZ, PRESIDENTE e en representación da FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS “EL OLIVO”, CIF G-36.704.666, con domicilio social en Vigo, na praza dos Galegos Ilustres – CP 36203; no sucesivo A FEDERACIÓN.

MANIFESTAN

1. Que O CONCELLO está a organizar o programa de actividades e espectáculos das “Festas de Verán 2008”, que se desenvolve nos meses de xullo e agosto na cidade de Vigo, co obxecto de potenciar a oferta cultural que lle achega á cidadanía; neste sentido existe un grande interese en apoiar as festas gastronómicas de enalzamento de produtos da nosa ría, como son o polbo, a sardiña e o mexillón.

2. Que A FEDERACIÓN organizou nos últimos anos a “Festa do Mexillón”, con grande éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns.

3. Que O CONCELLO está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada e popular que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais.

4. Que dende o ano 1996 se asinaron diversos convenios de colaboración entre ambas as entidades para desenvolver actividades socioculturais, e os resultados acadados foron moi satisfactorios para ambas as partes.

O réxime xurídico de aplicación do presente convenio serán a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, así como a Lei de Galicia 9/2007, de subvencións de Galicia.

Dado o carácter cultural, cívico e social responde ademais ó previsto no artigo 88 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, formando parte das competencias atribuídas ós municipios no artigo 25.2.m da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e ós municipios galegos especificamente no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Considerando o interese do exposto, O CONCELLO e A FEDERACIÓN establecen a súa relación para o exercicio 2008 mediante o presente convenio de colaboración, que será rexido polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- O obxecto do presente convenio é establecer a relación entre A FEDERACIÓN e O CONCELLO para a organización e realización da “XIII FESTA DO MEXILLÓN”, o vindeiro día 27 de xullo, no parque de Castrelos, dentro da programación das “Festas de Verán 2008”, que organiza a concellería de Animación sociocultural.

Segunda.- O presuposto total das actividades obxecto do convenio ascende a 19.400,00 euros, con todos os conceptos e impostos incluídos, segundo a proposta presentada pola FEDERACIÓN que figura como anexo ó convenio; desta cantidade, O CONCELLO contribuirá coa contía de 14.000,00 (catorce mil) euros, que se financiarán con cargo ós créditos asignados en cada exercicio económico do programa orzamentario de Animación sociocultural.

Terceira.- As obrigas que asume A FEDERACIÓN son as que se recollen no artigo 14 da Lei 38/2003 e, máis concretamente, as seguintes:

- 1. Asumir todo o concernente á organización da “XIII FESTA DO MEXILLÓN”, achegando toda a infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, así como cumprir o programa presentado*
- 2. Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio.*
- 3. Deberá obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización desta actividade.*
- 4. Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.*
- 5. Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura nesta expediente.*
- 6. Presentar unha memoria-avaliación do programa “XIII FESTA DO MEXILLÓN” dentro dos quince días seguintes ó da súa execución, onde figurarán como mínimo:*

a) Memoria de actividades levadas a cabo para a execución do evento que debe incluír polo menos os seguintes datos: indicación das actividades, explicación detallada do seu desenvolvemento, datos de participación e asistentes individualizados por actividade e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) Memoria económica xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:

- Relación clasificada dos gastos con identificación do acredor e documento, número de factura, CIF/NIF, concepto facturado, polo importe do 100% do orzamento final a xustificar.

- Facturas e demais documentos orixinais de valor probatorio equivalente polo importe subvencionado. Estes documentos poderán ser estampillados no caso de concorreren a outras axudas, indicando no mesmo o destino da axuda e importe imputado.

- Relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade con indicación do importe e procedencia.

c) Declaración responsábel do cumprimento das obrigas tributarias e Seguridade Social, conforme ao réxime simplificado de acreditación previsto polo artigo 31.7 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

7.- Distribuír o material publicitario editado con motivo das festas, entregado polo CONCELLO.

Cuarta.- As obrigas que asume O CONCELLO, a través da Concellería de Animación sociocultural, aparte da achega da cantidade indicada (14.000,00 euros) na cláusula segunda deste convenio, son as seguintes:

1.- Colaborar coa organización da festa en xestións como a presenza da Policía Local e Protección Civil, para o seu bo desenvolvemento.

2.- Achegar un total de cincocentos carteis con motivo da festa, que entregará á FEDERACIÓN para a súa distribución, cunha antelación mínima de dez días.

3.- Incluír esta actividade na campaña de publicidade que O CONCELLO realice con motivo do programa das "Festas de Vigo 2008".

Quinta.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ó público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servizos ou produtos ofertados alí poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.).

Por este motivo, A FEDERACIÓN proporá ó CONCELLO os prezos para cada unha das actividades, servizos ou produtos, para obter a conformidade da concellería de Animación sociocultural. A FEDERACIÓN deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visíbel, o listado de prezos de venda ó público.

A tal fin, establecerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figurar os conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A FEDERACIÓN proporalle ó CONCELLO os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.

Sexta.- O CONCELLO aboará á FEDERACIÓN a cantidade estipulada na cláusula segunda, 14.000,00 (catorce mil) euros, mediante transferencia bancaria á conta corrente 2080.0020.16.0040023628 da que é titular A FEDERACIÓN. Para liquidar o pagamento, A FEDERACIÓN presentará solicitude de pagamento e memoria-avaliación das actividades segundo o estipulado na cláusula terceira, apartado seis, dentro dos quince días seguintes á súa finalización.

O pagamento tramitarase previa certificación do xefe do servizo de Animación sociocultural, na que especifique que procede por cumprirse o clausulado do convenio e a conformidade cos xustificantes presentados.

As presentes axudas serán compatíbeis coa percepción doutras axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados.

En ningún caso, o importe destas axudas poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

Sétima.- O mecanismo de seguimento deste convenio realizarase mediante a presenza de persoal técnico da Concellería de Animación sociocultural durante o desenvolvemento desta actividade, así como en base ás memorias e documentación que presente A FEDERACIÓN.

Oitava.- A información sobre a actividade, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo servizo de normalización lingüística do Concello de Vigo. En toda a información figurarán os logotipos da Concellería de Cultura e Animación sociocultural, da Tenencia de Alcaldía e da FEDERACIÓN, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa da Concellería de Animación sociocultural do Concello de Vigo e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Novena.- O presente convenio terá vixencia anual a contar dende a data da súa sinatura e coincidindo co exercicio económico.

De non existir denuncia expresa previa do mesmo no prazo do mes anterior á súa finalización, poderase prorrogar a vixencia por períodos anuais naturais, previa solicitude de prórroga da FEDERACIÓN, no cal se recollerán as novas accións a desenvolver, así como as posibles actualizacións das contías económicas que se achegan.

As achegas do Concello de Vigo subordinaranse á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.

En todo caso, a vixencia do convenio non excederá do prazo máximo de catro anos.

Décima.- O CONCELLO non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Décimo primeira.- O concelleiro de Animación Sociocultural queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

E en proba de conformidade, asinan por triplicado e para un só efecto o presente convenio, no lugar e data que se indican

4(900).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZA E AUTOS REMITIDOS POR ASESORÍA XURÍDICA:

a) Sentenza do TSXG no rec. Apelación nº 393/2007 interposto por D^a. Avelina Santiso Gil contra sentenza desestimatoria do X. do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo, PROC. ESPECIAL DTOS. FUNDAMENTAIS Nº 434/2006. Desestimado.

b) Sentenza do TS no rec. Casación nº 5003/2002 interposto por Administración Xeral do Estado contra sentenza de inadmisibilidade do TSXG en relación co acordo do Pleno do 28/12/1998, III acordo regulador das condicións de traballo. Non ha lugar ó recurso.

c) Sentenza do TSXG no rec. Apelación nº 15027/2009 interposto por UTE Estrela contra sentenza desestimatoria do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigono RC-A p.o. Nº 13/2003 en relación coa liquidación da taxa por licenza de obras, expte. 33258/421. Desestimado.

d) Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A p.a. nº 484/2007 Demandante: D^a Julia García Agudo. Obxecto: reclamación de responsabilidade patrimonial, acordo da XGL do 17/09/2007 que resolve o expte. 593/243. Desestimado.

e) Sentenza do TSXG no RC-A nº 4596/2004. Demandante: INVERSIONES VIGO, S.A. Obxecto: Pleno do 02/03/2004, proxecto de convenio coa Zona Franca, expte. Nº 1169/110. Rexeitado o recurso.

f) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A p.a. nº 289/2007. Recorrente: Emilio Díaz de la Iglesia. Hector Seoage Bermúdez. Obxecto: Resolución da XGL de 6/8/2007 desestimatoria dos recursos formulados polos demandantes contra a resolución dos Tribunais encargados de xulgar as probas selectivas para cubrir por promoción interna prazas de Cabo do Servizo de extinción de incendios. Desestimado.

g) Sentenza do TSXG no rec. apelación nº 4078/06 interposto polo Concello de Vigo. Obxecto: Sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Vigo de 14 de novembro de 2005 que estimou o recurso interposto contra a Resolución do 25.02.05 pola que se impoñían a Hugo Celso Garrido Vázquez (representante de Tamaro S.L) dúas sancións, económica e de clausura definitiva da discoteca Byblos, pola comisión de dúas infraccións por contaminación acústica. Estimado parcialmente.

h) Sentenza do X. Contencioso Administrativo nº 1 de Ourense no RCA p.a. 102/2007. Demandante: D. Abel Carbajales Santaefemia. Obxecto: Desestimación presunta de recurso de reposición contra sanción de tráfico. Estimado o recurso.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

5(901).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 4/1012, 4/1493, 4/1767.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes-proposta da técnica responsable do Programa de SAF, conformados pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar as seguintes persoas:

- D^a. Mercedes Gómez Fernández. Expte. 1012/4.
- D^a. Socorro Parente Abril. Expte. 1593/4.
- D^a. Esperanza Comesaña Costas. Expte. 4/1767.

6(902).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS MAIORES: ALTA EXPTE. 22/2372.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes-proposta da técnica responsable do Programa, conformados pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

Conceder a prestación do Servizo de Centro de Día para persoas maiores a D^a. Hermosinda Zúñiga Trigo.

7(903).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO DEPARTAMENTO DE BENESTAR SOCIAL NOS MESES DE ABRIL E MAIO DE 2008. EXPTE. 33519/301.

Mediante providencia da concelleira-delegada da Área de Benestar Social, cumprindo coas instrucións da base 31 das de execución do Presuposto en vigor, dáse conta dos expedientes de gasto menor tramitados polo departamento de Benestar Social durante os meses de abril e maio 2008, que son os seguintes:

DATA	CONCEPTO	PARTIDA	Nº OPERACIÓN	IMPORTE EUROS	TERCEIRO
19/05/08	SERVIZOS POSTAIS E MENSAXERÍA	2230000	200800024218	4.000,00	VARIOS
19/05/08	TRANSPORTES E MUDANZAS ENTRE UBAS	2230001	200800024189	1.000,00	VARIOS
14/04/08	PUBLICIDADE AXUDAS ESCOLARES MUNICIPAIS	2260200	200800017445	10.322,99	BOCA A BOCA DESEÑO E COMUNICACIÓN S.L.
24/04/08	ORGANIZACIÓN PARTICIPACIÓN SALÓN TODO SALUD	2260200	200800020477	4.474,33	AREA DE EVENTOS PROFESIONALES.S.L.
27/05/08	PROGRAMA MAIORES "VIAXA E COÑECE"	2260801	200800026059	12.500,00	AUTOCARES LA FLORIDA S.A.L
29/04/08	VALORACIÓN VIVENDAS PROGR. MELLORA FOGA-	2270600	200800021730	10.556,00	OSCAR VALVERDE CARNICERO

	RES PERSOAS MAIORES				
29/04/08	ESTUDIO INSTALACIÓNS ELECTRICAS EN LOCAL PARA UBAS	2270600	200800021750	6.711,47	EXINOR, S.L.
02/04/08	PROGR., CINENSINO 1º SEMESTRE	2270608	200800015637	2.436,00	ESTINGA SERVICIOS SOCIALES, S.L.
03/04/08	GASTOS EQUIPO PLAN LOCAL DROGAS	2270608	200800015703	200,00	VARIOS
27/05/08	CAMPAMENTO URBAN RAPACES CON DISCAPACIDADE	2270609	20080002601	6.000,00	FUNDACIÓN IGUAL ARTE
29/05/08	ELABORACIÓN CAMPAÑA DE BOA MAN	2270609	200800027066	11.959,60	ITRES DESARROLLOS PUBLICITARIOS.S.L.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

8(904).- SOLICITUDE DO CLUB TRIATHLÓN VIGO DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR O XXII TRIATHLÓN CIDADE DE VIGO O DÍA 14.06.08. EXPTE. 7832/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 21.05.09, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar ao Club Triatlón Vigo, a organizar o vindeiro sábado 14 de xuño de 2008, o “XXII TRIATHLON CIDADE DE VIGO”, a partir das 15.00 horas, dita proba componse de 3 sectores, o primeiro deles a Natación, se levará a cabo na Praia de Bouzas, o segundo será de ciclismo e será na circunvalación de Castrelos-Bouzas, e por último a terceira proba, carreira a pe, que se desenvolverá fora da estrada polo paseo marítimo de Bouzas.

9(905).- SOLICITUDE DA ASOCIACIÓN DEPORTIVA RP3 DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR A COPA DE EUROPA DE MOUNTAIN BIKE-IX TROFEO CIDADE DE VIGO. EXPTE. 7817/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 2.06.09, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar á Asociación Deportiva RP3 a organizar os vindeiros días 13, 14 e 15 de xuño de 2008 a COPA DE EUROPA DE MOUNTAIN BIKE-IX TROFEO CIDADE DE VIGO”, ditas probas comenzan o venres día 13 con adestramentos libres, o sábado 14 con adestramentos oficiais e o domingo día 15 desenvolverase a proba, se levarán a cabo nos Montes de Coruxo.

10(906).- SOLICITUDE DO CLUB CICLISTA VIGUÉS DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR A COPA DEPUTACIÓN JUNIOR O DÍA 15.06.08 NO PARQUE DO VIXIADOR. EXPTE. 7835/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 21.05.09, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar ao Club Ciclista Vigués a organizar o vindeiro domingo 15 de xuño de 2008, a COPA DEPUTACIÓN JUNIOR, a saída de dita proba ciclista, será dende o Mercado do Calvario ás 11.00 horas e rematará no Parque do Vixiador ás 13.30 horas aproximadamente.

11(907).- SOLICITUDE DE D^a. RAQUEL GONZÁLEZ MARIÑO PARA A ORGANIZACIÓN DA II XIRA GALEGA DE KARTING O DÍA 29.06.08 NO POLIDEPORTIVO DE SAMIL. EXPTE. 7838/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 3.06.08, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a D^a. Raquel González Mariño, con DNI 35466234-G, a organizar o evento deportivo denominado II XIRA GALEGA DE KARTING, dende o 13 de xuño ata o 29 de xuño de 2008 no aparcadoiro que se atopa xunto o Polideportivo de Samil.

12(908).- SOLICITUDE DA DELEGACIÓN EN VIGO DA FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR A CARREIRA NOCTURNA DE SAN XOAN O DÍA 23.06.08. EXPTE. 7826/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 22.05.08, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Delegación en Vigo da Federación Galega de Atletismo, a organizar o vindeiro luns 23 de xuño de 2008, a *Carreira Nocturna de San Xoan* dita proba terá a saída dende a Praza do Rei, ás 21.15 horas, percorrendo as rúas de Camelias, Romil, Paseo de Alfonso, Pi y Margall, López Mora, Bar Boo, Coruña, Tomás Alonso, Paulino Freire, Beiramar e ramatando no Berbés, dita carreira terá un recorrido aproximadamente de 8 Km.

13(909).- SOLICITUDE DO CLUB CICLISTA TEIS DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZAR O XVII GRAN PREMIO CICLISTA TEIS-XIV MEMORIAL PABLO MOREIRAS O DÍA 29.06.08. EXPTE. 7772/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 2.06.08, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar ao Club Ciclista Teis a organizar o vindeiro domingo 29 de xuño de 2008, XVII GRAN PREMIO CICLISTA TEIS- XIV MEMORIAL PABLO MOREIRAS", dita proba comenará ás 10.00 horas cunha duración de 3 horas e percorrera polas rúas Sanjurjo Badía, Enrique Lorenzo, Avda. De Guixar e Julián Estévez.

14(910).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DE MULLERES DORNA PARA MANTEMENTO DO PUNTO INFORMA E A REALIZACIÓN DO PROGRAMA OBRADOIRO DE EXPRESIÓN VITAL E FORMACIÓN TEATRAL. EXPTE. 3360/224.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 14.05.08, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, do 4.04.08, conformado pola concelleira de dito Servizo e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º. Aprobar a realización do Convenio de colaboración entre a Asociación de Mulleres Dorna e o Concello de Vigo para o mantemento dun "*Punto Informa*" e a realización do programa "*Obradoiro de expresión vital e formación teatral*".

2º. Autorizar á Concelleira de Igualdade para que o subscriba en nome do Concello de Vigo.

3º. Autorizar o gasto de 19.000,00 euros (dezanove mil euros) con cargo á partida presupostaria “Convenio de colaboración coa Asociación de Mulleres Dorna para o mantemento dun -Punto Informa- e a realización do programa -Obradoiro de expresión vital e formación teatral-” 463.2.489.00.02 do presuposto vixente en concepto de execución do convenio.

4º. Aprobar o texto, que de seguido se dí:

En Vigo, na casa do Concello, o día de de dous mil oito,

RE Ú N E S E:

Dunha parte, Dª. Iolanda Veloso Ríos, Concelleira de Igualdade do Concello de Vigo, en nome e representación do mesmo.

Doutra Dª Aurea González González, con DNI nº 35.918.270, en representación da Asociación de Mulleres “Dorna”.

As dúas partes reconécese capacidade legal e representación suficiente para suscribir o seguinte

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE MULLERES DORNA PARA O MANTEMENTO DO PUNTO INFORMA E A REALIZACIÓN DO PROGRAMA OBRADOIRO DE EXPRESIÓN VITAL E FORMACIÓN TEATRAL”.

de acordo cos seguintes

ANTECEDENTES

A lei 7/85, de 2 de abril reguladora das bases de réxime local, nos seus artigos 25, 26 e 28 confiren as administracións locais competencias no eido de Muller.

A Xunta de Goberno Local na súa sesión do día 22 de novembro de 2004 aprobou o “II Plan de Acción Municipal para combater a Violencia contra as Mulleres”.

Este Plan trata de poñer en funcionamento unha serie de servizos e recursos, coa finalidade de proporcionar unha atención integral ás mulleres vítimas de violencia. A filosofía que subxace neste II Plan e a de incrementar a calidade e a atención mediante a posta en marcha de distintas medidas tendentes a proporcionar un maior apoio á vítima desde unha perspectiva non só inmediata senón a medio e longo prazo, coa finalidade de adquirir unha maior autonomía e autosuficiencia reducindo na medida do posible dependencias económicas e psíquicas, no colectivo de referencia.

En concreto na área de “Seguimento e Apoio económico a vítima”, o obxectivo 3, insta ó Concello a facilitar a socialización das mulleres vítimas de violencia de xénero colaborando co movemento asociativo no desenvolvemento de actividades que rompan co illamento das mesmas, mediante a participación informal en actividades de ocio e tempo libre, e a potenciación da participación asociativa nas súas diferentes formas.

Co obxecto de conquistar ese fin valórase positivo colaborar no proxecto presentando ao Departamento de Igualdade pola Asociación de Mulleres Dorna, a máis veterana da cidade de “Expresión vital e formación teatral”, como un elemento integrador e de reforzamento para romper o illamento social que, non poucas veces sofren as vítimas de violencia de xénero.

Por outra banda, o Punto de Información no barrio de Coia para mulleres vítimas de violencia de xénero, creado pola Asociación Dorna en colaboración co Concello de Vigo no ano 2001 contribue á detección, denuncia e asesoramento en materia de violencia de xénero, a solidariedade entre as mulleres dos barrios e potencia a descentralización dos servizos e recursos, cumprindo así un dos obxectivos do “II Plan de Acción Municipal para combater a Violencia contra as Mulleres”:

“Área de Coordinación”

Obxectivo nº 2: “Potencia a descentralización dos servizos e recursos da Administración Local para facilitar a detección e denuncia da violencia”.

Asemade, se prosegue coa labor tan importante desenvolta polo tecido asociativo, no eido da prevención e sensibilización cidadá na problemática da violencia contra as mulleres.

“Área de información e sensibilización social”

Obxectivo nº 2: “Sensibilizar e informar a poboación en xeral sobre o fenómeno de violencia de xénero”.

Co presente convenio o Concello de Vigo obrígase a apoiar o mantemento do “Punto Informa” e a realización deste obradoiro permanente de formación teatral, dirixido ás mulleres, e comprométese a aboar as contías precisas para a realización de ambos programas.

O rexime xurídico no que se enmarca este proxecto de colaboración é conforme co disposto na normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o seu regulamento de desenvolvemento, RD 887/2006, de 21 de xullo, así como as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2008.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. – OBXECTO

O obxecto deste convenio é:

1º.- Apoiar o mantemento do “Punto Informa” do barrio de Coia no que se atenderá ás mulleres que o demanden, aportándolles información xeral de interese, especialmente a que aporta un valor engadido a favor da igualdade de oportunidades e por ende de prevención da violencia, nos locais alugados pola Asociación de mulleres Dorna a tal fin.

2º.- Organizar o obradoiro permanente de formación para mulleres “Expresión vital e formación teatral”, cun mínimo de cen horas de clases, no que participarán un mínimo de vinte alumnas, matriculadas pola propia entidade mediante convocatoria pública ó seu cargo. Priorizarase o acceso ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

Todas estas actividades pretenden potenciar o acceso das mulleres vítimas de violencia e o fomento da participación social e o desenvolvemento comunitario de acordo cos programas contidos no Anexo I.

SEGUNDA. – OBRIGAS DA ASOCIACIÓN DE MULLERES DORNA

1.- Non estar incurso nas prohibicións para ser beneficiaria da subvención sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, polo que presentará debidamente cumplimentada e asinada a declaración que se acompaña no Anexo IV.

2.- O apoio do “Punto Informa” implica que se destine a este fin unha oficina permanente da Asociación de mulleres Dorna. Estará equipada de acordo co expresado no Anexo II do convenio. A atenderá unha persoa adicada a esta tarefa, como mínimo durante dúas horas diarias, de luns a venres, ambos incluídos, e durante todo o ano.

Esta persoa será nomeada pola Asociación de mulleres Dorna, e deberá axustarse ó perfil que se establece no Anexo III e recibir un curso específico de formación que impartirán as técnicas municipais do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller.

3.- A todas as mulleres que acudan ó punto informa durante a vixencia do convenio, se lles informará da existencia dos servizos sociais municipais especializados como: Centro Municipal de Información dos Dereitos da muller, e Casa de Acollida para mulleres maltratadas, así como do apoio que presta a asociación “Rede de Mulleres contra os Malos Tratos”.

4.- Durante a vixencia do presente convenio, a asociación de mulleres Dorna terá a obriga de presentar ante á Concellería de Igualdade unha memoria semestral na que deberá incluír o análise da demanda recibida no punto informa, a atención prestada e a derivación dos casos en base ós criterios estadísticos e ítems de avaliación propostos pola Concellería de Igualdade.

5.- Con respecto ó programa “Obradoiro de expresión vital e formación teatral”, a Asociación de Mulleres Dorna, atellará un mínimo de tres espectáculos , dos que se fará a estrea nun local que arbitrará o Concello, sen prexuízo de que se desenvolvan as representación dos mesmos que se considere de interese, así como a formación de dez clases maxistras de profesionais convidadas/os, nas que participarán un mínimo de vinte alumnas matriculadas pola propia entidade, mediante convocatoria pública ó seu cargo. Durante o ano terán prioridade as mulleres vítimas de violencia derivadas polo CMIDM ou a Casa de Acollida.

6.- A entidade non pode concertar con terceiros/as a execución das actividades que constitúen o obxecto da subvención como é a atención directa ás usuarias do servizo. A beneficiaria está autorizada a concertar con terceiros/as as actividades que non sexan prestacións de carácter persoal, como son: actividades de formación, desprazamentos, publicidade..., segundo o estipulado no artigo 29 da Lei Xeral de Subvencións.

7.- Todas as actividades desenroladas pola Asociación na execución deste convenio deberán estar amparadas ou cubertas de toda clase de continxencias derivadas da referida execución, por efecto dela ou con ocasión da mesma; a través das necesarias relacións de aseguramento, social ou privado, que contemplen a asistencia sanitaria, accidentes de traballo e demais prestacións do sistema de seguridade social así como da posible responsabilidade civil.

8.- As obrigas da “Asociación de Mulleres Dorna”, como beneficiaria da axuda, serán, ademáis das estipuladas nos apartados anteriores, as consignadas no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, d e21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

9.- A Asociación de mulleres Dorna , comprométese a velar polo cumprimento do acordado mediante este convenio de colaboración.

TERCEIRA. – COMPROMISO DO CONCELLO DE VIGO. IMPORTE DA AXUDA E XEITO DE PAGO

O custe total da realización das actividades e gastos de mantemento que soportará a beneficiaria e que se levarán a cabo durante o ano 2008, segundo o orzamento presentado pola Asociación e que figura como Anexo V deste convenio, ascende a un importe total de 25.696,00 €, dos que o Concello de Vigo comprométese ao pagamento de 19.000,00 euros (dezanove mil euros) a favor da Asociación de Mulleres Dorna con CIF: G-36619468, en concepto de axuda para o mantemento e a organización de actividades durante o ano 2008.

O Concello de Vigo abonará o importe da axuda en tres partes:

1. A primeira de 6.000,00 euros, coa firma do presente convenio,
2. A segunda de 6.000,00 euros, no mes de xuño de 2008, coa entrega do informe da memoria semestral do servizo e xustificantes orixinais de gasto polo importe a boar,
3. A terceira de 7.000,00 euros, no mes de decembro previa a certificación do departamento da muller acreditando o cumprimento do convenio unha vez se achegue a memoria anual do servizo e xustificantes orixinais de gasto da parte que resta por xustificar do importe total da axuda concedida.

O Concello de Vigo aportará a documentación técnica precisa: a guía de recursos e os protocolos da intervención.

CUARTA.- XUSTIFICACIÓN

A axuda para o apoio a o mantemento destes servizos incluírá tanto os consumos, e local, como o abono de salarios, gastos de formación e desprazamento da profesional.

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no convenio de colaboración deberá documentarse semestralmente ante a oficina da Muller do Concello de Vigo en forma de conta xustificativa (relación clasificada de gastos totais da actividade, con identificación do/a acreedor/a e do documento, o seu importe e data de emisión), á que deberá achegar os xustificantes de gasto ou calquera outro

documento de validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención. Estes gastos deberán ser xustificados mediante a presentación de orixinais de facturas e xustificantes de pagos efectuados á Seguridade Social e/ou a outras entidades aseguradoras. Igualmente deberá incorporar unha certificación actualizada sobre as axudas solicitadas e/ou percibidas polo mesmo obxecto do convenio. A súa presentación se realizará, como máximo, no prazo de tres meses desde a finalización do prazo para a realización da actividade subvencionada (artigo 30 da Lei Xeral de Subvencións).

Para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o selado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2004 LXS) da factura orixinal indicando na mesma o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida, indicando neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará ao expediente copia do xustificante orixinal selado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Os custos indirectos formarán parte da xustificación da subvención, sempre que se imputen á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo con principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida na que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade.

QUINTA. – COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento e avaliación do presente convenio de colaboración establécese unha comisión de seguimento e avaliación que, presidida pola Concelleira Delegada de Muller estará formada, previo nomeamento da Presidenta, por:

- A presidenta da asociación de Mulleres Dorna
- Unha técnica da Asociación de Mulleres Dorna
- A Xefa do Servizo de Igualdade
- Unha técnica do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller

SEXTA. – PERIODO E GASTO SUBVENCIONABLE

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, terá vixencia desde o 1 de xaneiro ata o día 31 de decembro de 2008. Serán gastos subvencionables os que se produzan durante todo o exercicio 2008 e se correspondan cos gastos de mantemento e organización de actividades incluídos no orzamento presentado pola Asociación Dorna e que se incorpora ao convenio como Anexo V.

Poderán ir incluíndose nel como anexos os acordos complementarios que subscriban as partes, previa a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

SÉTIMA – PUBLICIDADE

Toda a publicidade deste servizo deberase realizar en galego e por mutuo acordo das partes, incluíndo os logotipos do Concello de Vigo coa lenda Concellería da Muller, e a Asociación de Mulleres Dorna en canto documento ou soporte gráfico escrito se realice.

OITAVA. – AVALIACIÓN

Na memoria anual e nas visitas de avaliación que se establezan para o “ II Plan de Acción Municipal para combater a violencia contra as mulleres” e os “ Plans de Igualdade de oportunidades e de trato para as mulleres de Vigo” a Asociación de mulleres Dorna axustarase ás medicións de ítems e demais aspectos metodolóxicos que se fixen na avaliación global da intervención municipal; isto sen menos cabo de que se realicen aportacións complementarias que se valoren de interese.

De igual xeito facilitarase o acceso de persoal autorizado á información documental que obre no “Punto Informa” e teña interese para a avaliación e xestión municipal.

NOVENA. – CONFIDENCIALIDADE

Para garantir o dereito á confidencialidade das usuarias do punto informa usaranse as claves que convirían en anónimos os datos, e fixaranse limitacións de acceso ás mesmas e incluírase unha cláusula de confidencialidade no persoal que se contrate a este fin.

DÉCIMA. - INCUMPRIMENTO DO CONVENIO

O incumprimento do convenio pode dar lugar á revogación do mesmo, total ou parcialmente e as correspondentes penalizacións económicas.

DÉCIMO PRIMEIRA. - INTERPRETACIÓN DO CONVENIO

A interpretación do presente convenio é competencia do Concello de Vigo, logo de escoitar á comisión de seguimento do mesmo.

DÉCIMO SEGUNDA.- PERCEPCIÓN DOUTRAS SUBVENCÍONS

A presente subvención é compatible coa percepción doutras axudas dos distintos entes públicos. A Asociación de Mulleres Dorna declara baixo a súa responsabilidade, a través da presentación cumplimentada e asinada do Anexo IV, non percibiren subvención ningunha por estes mesmos conceptos, no período que abrangue o presente convenio. De percibiren algunha será comunicada expresamente ó Concello para ser deducido o seu importe do prezo deste convenio.

DÉCIMO TERCEIRA.- CLÁUSULA FINAL

En todo aquilo non previsto no presente convenio estarase ao establecido na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

15(911).- CONCESIÓN DE PREMIOS DA CONVOCATORIA DE “INCENTIVOS PARA PROMOVER ACTOS QUE FAVOREZAN A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E A ELIMINACIÓN DE ELEMENTOS DISCRIMINACIÓN SEXISTAS NOS CENTROS EDUCATIVOS”. EXPTE. 3421/224.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, do 30.05.08, conformado pola concelleira delegada de Igualdade, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Conceder o primeiro premio da convocatoria de “Incentivos para promover accións que favorezan a igualdade de oportunidades e a eliminación de elementos de discriminación sexista nos centros educativos” dotado con 1.000,00.-€ para investir nun proxecto de igualdade a realizar no curso 2008/09 ao centro EEI “MONTE DO ALBA”.

2º.- Conceder dous accesitos á convocatoria de “Incentivos para promover accións que favorezan a igualdade de oportunidades e a eliminación de elementos de discriminación sexista nos centros educativos” dotados con 500,00.-€ cada ún, a investir nun proxecto de igualdade a realizar no curso 2008/09 aos centros: COLEXIO SALESIANO “MARÍA AUXILIADORA” e o IES “CASTELAO”.

3º.- Autorizar un libramento para xustificar que se fará efectivo na conta restrinxida da tesorería municipal número 2080 0000 72 004 02 87 905 a nome da habilitada Dª Elisa Rodríguez Lagoa, e con cargo á partida 4632 2270606 do orzamento vixente, por importe de 2.000,00.-€ con cargo ao RC número 6471 para facer fronte á entrega dos premios aos centros premiados.

16(912).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A GESTIÓN DE OBRAS E INFRAESTRUCTURAS S.L. POR RESERVA ESPECIAL DE VÍA PÚBLICA NA RÚA ANTONIO NEBRIJA. EXPTE. 74584/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Transporte, do 27.05.08, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade, Transporte e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servicios da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 17 de xaneiro de 2006 por GESTION DE OBRAS E INFRAESTRUCTURAS, S.L, con NIF B-36240976, por un importe de 1.500 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa Antonio Nebrija, por non producirse danos.

17(913).- FIXACIÓN DO PREZO DE VENDA Ó PÚBLICO DO CATÁLOGO DA EXPOSICIÓN “CINCO CREADORES DOS SETENTA”. EXPTE. 3134/337.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director do Museo municipal Quiñones de León, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, que di o seguinte:

Con motivo da mostra “CINCO CREADORES DOS SETENTA” que se vai a celebrar na Casa das Artes do 22 de maio ao 29 de xuño de 2008, editarase un catálogo con textos e fotografías seleccionadas. Este catálogo ten un custe total (edición, deseño, textos, fotografías) para unha tiraxe de 500 exemplares, i.v.e. incluído, de 5999.76 euros.-, co que o custe total unitario máximo é de 12 euros.

Co obxecto de recuperar parte do investimento feito na edición destes catálogos e, o mesmo tempo aumenta-la súa difusión, o concelleiro de cultura resolveu a apertura do expediente de venda ó público correspondente conforme á ordenanza municipal correspondente.

Segundo dispón a ordenanza reguladora dos prezos de venda ó público de publicacións, o valor de venda ó público de cada exemplar das mesmas oscilará entre un mínimo dun 50% e un máximo dun 100% do seu prezo de custe, impostos incluídos. Segundo isto, resultan uns prezos mínimo e máximo para esta publicación de 6 EUROS e 12. EUROS respectivamente. O prezo medio de venda aconséllase que podería ser de 9 euros, impostos incluídos.

Do total dos 500 catálogos que se encargaron, considérase de interese poñer á venda pública un total de 200 e reservar 300 para necesidades protocolarias do concello e intercambio de publicacións con outros museos.

Á vista do citado, seguindo instrucións do Concelleiro de Cultura faise á Comisión de Goberno a seguinte PROPOSTA.-

Poñer á venda 200 catálogos, dos 500 editados co gallo da exposición “CINCO CREADORES DOS SETENTA” a un prezo unitario de venda ó público de NOVE (9) EUROS.-, I.V.E. incluído, reservando o resto da edición para as necesidades protocolarias do Concello e de intercambio do museo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(914).- FIXACIÓN DO PREZO DE VENDA Ó PÚBLICO DE ENTRADAS PARA O ESPECTÁCULO TEATRAL “NOITES NEGRAS” DO MUSEO QUIÑONES DE LEÓN. EXPTE. 3140/337.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director do Museo municipal Quiñones de León, do 30.05.08, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, que di o seguinte:

O Museo municipal de Vigo “Quiñones de León” está a organizar o espectáculo teatral “Noites negras” a desenvolver no pazo museo entre o 13 de xuño e 31 de outubro conforme ao seguinte calendario:

- + Xuño, 13. Estrea.*
- + Xullo, 11.*

- + Setembro, 12.
- + Outubro, 3 e 31.

Por este motivo, faise necesaria a fixación dun prezo de venda de entradas, de cara a regular o acceso de público; e tendo en conta, non obstante, de que se trata dunha actividade extraordinaria do museo cuxa entrada ordinaria nos horarios establecidos é gratuíta. O prezo proposto, seguindo a liña de espectáculos similares programados pola concellería de cultura no auditorio municipal, é de 3 €. Para garantir a seguridade do museo, e dos usuarios do espectáculo, o aforo máximo permitido é de 25 entradas por sesión das cales poñeríanse á venda 20 reservando cinco de cada espectáculo para necesidades protocolarias do concello. Estas entradas poríanse á venda no propio museo no horario habitual de apertura ao público.

Á vista do exposto, coa conformidade da concelleira delegada de Patrimonio Histórico, presidenta da xunta reitora do museo municipal, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

“Poñer á venda 100 entradas das 125 previstas para o espectáculo teatral “Noites negras” no museo municipal a un prezo unitario de venda ó público de TRES (3) EUROS.-, I.V.E. incluído; reservando as restantes 25 para as necesidades protocolarias do Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(915).- DAR CONTA DOS EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DURANTE O MES DE MAIO. EXPTE. 719/334.

Mediante providencia da concelleira de Xuventude, Igualdade e Normalización Lingüística, de data 5.06.08, dáse conta da relación de expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Normalización Lingüística durante o mes de maio de 2008, que son os seguintes:

Expediente	698/334. Celebración das xornadas <i>Álvarez Blázquez na voz da xente</i>
Decreto concelleira	data 13 de maio de 2008
Informe Intervención	RC 24207
Adxudicatario	Antaxurada, S.L.
Importe	10.937,40 euros

Expediente	701/334. Lecturas públicas e actividades do día 17 de maio, Día das Letras Galegas
Decreto concelleira	data 5 de maio de 2008
Informe Intervención	RC 22473
Adxudicatario	VAN divulgación cultural, S.L.
Importe	3.306,00 euros

Expediente	702/334. Subministro de 100 exemplares do libro <i>Santa Matriusca</i> de Iria López Teixeiro
Decreto concelleira	data 7 de maio de 2008
Informe Intervención	RC 22783
Adxudicatario	Biblos Clube de Lectores, S.L.
Importe	873,60 euros

Expediente	703/334. Contratación dun palco e son para un espectáculo de letras e música na praza da Constitución o día 16 de maio
Decreto concelleira	data 9 de maio de 2008
Informe Intervención	RC 23240
Adxudicatario	Producción e Xestión Cultural, (PXC), S.L.
Importe	2.001,00 euros

Expediente	704/334. Animación <i>Gran xogo de pistas (Comeletras)</i>
Decreto concelleira	data 9 de maio de 2008
Informe Intervención	RC 23865
Adxudicatario	Pedro Vázquez Taboada-rivel animación
Importe	3.932,00 euros

Expediente	705/334. Subministro de CDs de "Pelo gato 24"
Decreto concelleira	data 20 de maio de 2008
Informe Intervención	RC 25980
Adxudicatario	PAI edicións, S.L.
Importe	2.590,64 euros

Expediente	706/334. Espectáculo teatral infantil e animación durante o Día das Letras Galegas
Decreto concelleira	data 12 de maio de 2008
Informe Intervención	RC 23887
Adxudicatario	Cecilia Meléndrez Fassbender (A loco-motora)
Importe	1.605,00 euros

Expediente	707/334. Espectáculo poético-musical <i>Fóra do sagrado</i>
Decreto concelleira	data 13 de maio de 2008
Informe Intervención	RC 27083, 27084, 27085
Adxudicatario	Anxo Angueira Viturro, Xoán Carlos de Dios González, Xosé Luís de Dios González
Importe	600,00; 300,00; 300,00 euros (respectivamente)

Expediente	708/334. Realización do Correlingua 2008
Decreto concelleira	data 19 de maio de 2008
Informe Intervención	RC 25565
Adxudicatario	Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG)
Importe	3.599,97 euros

Expediente	709/334. Contratación dun autobús para facilitar o desprazamento da cidadanía vi-guesa á marcha "Polo dereito a vivirmos en galego"
------------	---

Decreto concelleira	data 16 de maio de 2008
Informe Intervención	RC 25580
Adxudicatario	Viajes Melytour, S.L.
Importe	374,50 euros

Expediente	710/334. Contratación das guías do "Camiña e coñece. O Camiño das Letras"
Decreto concelleira	data 19 de maio de 2008
Informe Intervención	RC 27067, 27068
Adxudicatario	Eva María Castro Figueiras, Lorena Carrasco Joaquín
Importe	170.00; 170,00 euros (respectivamente)

Expediente	713/334. Portes e mensaxería
Decreto concelleira	data 21 de maio de 2008
Informe Intervención	RC 26681
Adxudicatario	Varios provedores
Importe	4.000,00 euros

Expediente	716/334. Conmemoración de distintas festas tradicionais
Decreto concelleira	data 28 de maio de 2008
Informe Intervención	RC 27081
Adxudicatario	Asociación cultural e musical "Os Trasnos da Gaita"
Importe	1.500,00 euros

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

20(916).- DEVOLUCIÓN DE FIANZAS A PLANITEC S.L. EXPTE. 2285 E 2284/241.

Examinadas as actuacións dos expedientes, visto os informes da oficina técnica do 23.04.08, os informes de Intervención Xeral do 24.04.08 e de acordo cos informes-proposta do xefe de Negociado de Contratación, do 28.04.08, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a Planitec S.L. a fianza de 798,91 € constituída para responder da subministración de equipos informáticos para asociación cívicas, xa que foron recibidos mediante acta de 5.09.03 conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

Devolver a Planitec S.L. a fianza de 1.156,64 € constituída para responder da subministración de equipos informáticos e mobiliario para os centros de antena de Saiáns e Candeán, xa que foron recibidas mediante acta de 18.07.05 conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

21(917).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A GALAICA DE CONTRATAS. EXPTE. 2287/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 24.04.08 e de acordo co informe-proposta do xefe de Negociado de Contratación, do 28.04.08, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a Galaica de Contratas S.L. a fianza de 243,71 € constituída para responder das obras no cemiterio de Pereiró xa que foron recibidas por executarse conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

22(918).- APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO APLICABLE DURANTE A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCIÓN DOS APARCADOIROS SUBTERRÁNEOS DE USO MIXTO DAS RÚAS JENARO DE LA FUENTE E CASTELAO. EXPTE. 18201/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 4.06.08, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- *Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais (LPRL).*
- *Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención (RSP).*
- *Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as condicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción (RD 1627/1997).*
- *Prego de cláusulas técnicas e administrativas do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade aprobado polo acordo da Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo de data 14 de agosto de 2006 (PCAP).*
- *Prego de prescricións técnicas que rexerá no concurso para a adxudicación por procedemento aberto dun contrato de xestión de servizos públicos con execución de obra para a construción e posterior explotación, en dous lotes de tres, de seis aparcadoiros mixtos (rotatorio e residentes) en diferentes lugares da cidade de Vigo (PPT).*

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 21 de maio de 2007, acordou a adxudicación do lote 2 do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto nas rúas Rosalía de Castro, Jenaro de la Fuente e Avenida Castelao á favor da mercantil COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A., segundo o prego de cláusulas técnicas e administrativas e os anteproxectos aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de data 14 de agosto de 2006, formalizándose o contrato en data 10 de outubro de 2007.

COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A. presentou en data 3 de xuño de 2008 os Plans de Seguridade e Saúde correspondentes ás obras de construción dos aparcadoiros de Jenaro de la Fuente e Avenida Castelao.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Aprobados os proxectos de construción dos aparcadoiros subterráneos de Jenaro de la Fuente e Avenida Castelao pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria de 2 de xuño de 2008, e con ocasión do inicio das obras, resulta preciso establecer un adecuado nivel de protección da seguridade e saúde dos traballadores implicados no proceso construtivo fronte ós riscos derivados das condicións de traballo. Neste senso, estes proxectos de construción inclúen un Estudo de Seguridade e Saúde (artigo 4 RD 1627/1997).

O concesionario está obrigado tamén a presentar un Plan de Seguridade e Saúde nas obras que aplicará o Estudo de Seguridade e Saúde contido nos proxectos de construción aprobados e seguir as directrices do RD 1627/1997 (artigo 48.2 PCAP), que concreta os aspectos técnicos das medidas preventivas previstas na Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, establecendo as condicións mínimas de seguridade e saúde que garantan a adecuada protección dos traballadores no ámbito das obras de construción.

Neste Plan de seguridade e Saúde, o contratista deberá analizar, estudar, desenvolver e complementar as previsións contidas no Estudo de Seguridade e Saúde en función do seu propio sistema de execución da obra (artigo 7.1 RD 1627/1997).

Segundo.- No caso de obras das Administracións públicas, como no presente caso, o Plan de seguridade e Saúde, co correspondente informe do coordinador en materia de seguridade e de saúde, se elevará para a súa aprobación á Administración pública adxudicataria da obra (artigo 7.2 RD 1627/1997 e 48.3 PCAP).

O concesionario, a estes efectos, terá que designar un coordinador de seguridade e saúde que desenvolva as obrigas dispostas no artigo 9 do RD 1627/1997 (artigo 48.2 PCAP).

COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A., en data 4 de decembro de 2007, nomea a D. Emilio Otero Martínez para desempeñar a coordinación da seguridade e saúde durante a execución das obras relativas ós aparcadoiros subterráneos das rúas Jenaro de la Fuente e Avenida Castelao.

Co Plan de Seguridade e Saúde o concesionario achega os informes preceptivos do coordinador de seguridade e saúde, ambos de data 31 de marzo de 2008, favorables á aprobación dos plans correspondentes ós aparcamentos de Jenaro de la Fuente e Avenida Castelao.

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto no artigo 127.1.f LBRL.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Tomar coñecemento do nomeamento de D. Emilio Otero Martínez para desempeñar a coordinación da seguridade e saúde durante a execución das obras relativas ós aparcadoiros subterráneos das rúas Jenaro de la Fuente e Avenida Castelao.

2º.- Aprobar os Plans de Seguridade e Saúde para as obras de construción dos aparcadoiros subterráneos das rúas Pintor Colmeiro e Policarpo Sanz presentados por COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A. en data 3 de xuño 2008.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**23(919).- ADXUDICACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE PAPEL DE FOTOCOPIADO-
RA PARA O ANO 2008. EXPTE. 2200/241.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación, realizada o 21.05.08, conformada pola xefa do Servizo de Fiscalización e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a Office Depot, S.L. na súa variante 1 o procedemento negociado para a subministración de papel de fotocopiadora para o ano 2008 (Expte 2200-241) por un prezo de 30.000 euros e uns prezos unitarios de 2,71 euros paquete de 500 follas de papel A4 e 5,56 euros paquete de 500 follas de papel A3. Todo iso de acordo cos pregos de condicións técnicas e administrativas aprobados pola Xunta de Goberno de 14-04-2008 e a oferta presentada.

NESTE INTRE AUSÉNTASE DA REUNIÓN A CONCELLEIRA SR. MENDEZ PIÑEIRO.

24(920).- DECLARAR DESERTO O CONCURSO ABERTO PARA A XESTIÓN DO SERVIZO DA CASA DE ACOLLIDA E PISO TUTELADO PARA MULLERES MALTRATADAS. EXPTE. 3040/224.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación, realizada o 23.05.08, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Excluir a proposta presentada pola Federación Veciñal “Eduardo Chao” o concurso para a contratación da prestación do servizo da Casa de Acollida e Piso Tutelado para mulleres maltratadas. (Expte. 3040/224) por non ter acreditada a solvencia técnica na forma esixida na cláusula 10 apartado f) do prego de cláusulas administrativas particulares do concurso. Desestimar asimismo as alegacións presentadas respecto de dita exclusión presentadas polo citado licitador mediante escrito de 04-04-2008 nº de documento 80040693.

2º.- Rexeitar a proposta presentada polo Grupo de estudos sobre a condición da muller “Alecrin” polas causas expostas nos informes da xefa do servizo de Igualdade de 19 de maio de 2008

3º.- Declarar deserto o concurso aberto para a xestión do servizo Casa de Acollida e piso tutelado para mulleres maltratadas (Expte. 3040/224) pola exclusión e rexeitamento das dúas ofertas presentadas.

25(921).- ABOAMENTO DE COTAS DE COMUNIDADE A FAVOR DA COMUNIDADE DE PROPIETARIOS REPÚBLICA ARGENTINA Nº 12-14. EXPTE. 18333/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 15.05.08, conformado polo concelleiro-delegado de Patrimonio, a xefa do Servizo de Fiscalización e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar, en concepto de cuotas de comunidade, a Comunidade de Propietarios do inmovible sito na rúa República argentina nº 12- 14, a cantidade de 1.751,44 euros, polo importe correspondente o mes de maio de 2008, efectuando dito ingreso na conta de Caixa Madrid, que mantén aberta a comunidade, nº 20384016956000108813.

26(922).- RECLAMACIÓN DE Dª. ENRIQUETA LUÍSA CASTRO PARDEIRO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 672/243. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 2.06.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Normativa de aplicación:

- *Constitución Española de 6 de decembro de 1978 (CE).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJAP).*
- *Lei 5/1997, de administración local de Galicia (LALG).*
- *Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial (RRP).*

Antecedentes:

D^a. Enriqueta Luísa Castro Pardeiro presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 8 de xullo de 2005, polos danos e prexuízos derivados dunha caída acaecida o día 25 de xuño do mesmo ano mentres camiñaba pola rúa Estorniño, á altura do número 26, por mor da mala pavimentación da beirarrúa.

A reclamación se sustancia a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Parte do servizo da Policía Local, de data 25/06/2005.*
- *Práctica de proba testifical ás testemuñas propostas pola reclamante, en data 17/10/2007.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 14/08/2007, sobre o lugar do accidente, no que indican que o mesmo xa se atopaba reparado.*
- *Ditame para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, de data 24/09/2007.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, en data 14/03/2008, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 CE e 139.1 LRJAP consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 LRJAP:

A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliable economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.

O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.

Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.

Que non sexa produto de forza maior.

Analizaremos a continuación se concorren ou non estes requisitos na presente reclamación ó obxecto de determinar a procedencia ou improcedencia de estimar a mesma.

Terceiro.- Á vista da documentación que obra no expediente non existe dúbida da existencia dun dano e da súa cuantificación económica, dano residencial no patrimonio da Sra. Castro, que acredita con diversos informes médicos os danos sufridos na súa persoa. Procede examinar agora a existencia de relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, así, entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e a conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a LBRL e 80.2.d e 81. a LALG). A Administración ten o deber ineludible de manter estes de modo tal que este garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó favor dos usuarios dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuítos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciables polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

Examinada a proba practicada durante a instrución do expediente, resulta acreditado o deficiente estado da beirarrúa. Tal circunstancia, a xuízo das testemuñas presenciais da caída, entraña un risco especial para os viandantes, ó non ser visible en circunstancias normais de circulación e tránsito. Ó non estar as lousas fixadas ó solo se levantan ó ser pisadas, circunstancia que non é posible prever inda empregando a dilixencia esixible como concreción da regra do control da propia deambulación polos viandantes. Podemos concluír, polo tanto, que existe unha relación de causalidade entre os danos sufridos pola Sra. Castro e o anormal funcionamento do servizo de mantemento viario.

Cuarto.- Unha vez determinado que concorren no presente caso os presupostos necesarios para imputar a esta administración a responsabilidade dos danos sufridos pola Sra. Castro, é preciso determinar o importe da indemnización dos danos e perdas. O Dr. Guillén, da asesoría médica do concello, cuantifica os mesmos en 15.104 €, cantidade que non é discutida pola reclamante no trámite de audiencia concedido. Esta indemnización se desglosa nos seguintes conceptos:

- 7.414,44 € polo período de incapacidade temporal.
- 6.784,20 € pola secuela de limitación da mobilidade do ombreiro.
- 22,94 € de gastos farmacéuticos.
- 24,62 € de desprazamentos.
- 818,70 € polas gafas que rompeu.
- 39,00 € de gasto en roupa.

Tanto o período de incapacidade temporal como a secuela de limitación da mobilidade do ombreiro resultan avalados polos informes médicos presentados pola Sra. Castro, polo que resulta procedente o seu aboamento.

No entanto, non se acreditan os gastos farmacéuticos reclamados (Hirvadia e Eucerín Corporal) que non se corresponden cos fármacos prescritos polo seu médico (Xanedol e Espidifén); no se xustifica a necesidade, nin dos gastos de rehabilitación reclamados, nin dos desprazamentos cuxos gastos se reclaman e tampouco consta acreditado que rompese a roupa con ocasión da caída, non resultando procedente o aboamento das cantidades reclamadas nestes conceptos.

Con respecto ás gafas, á pesar de solicitarlle á interesada en diversas ocasións a factura, so achega un presuposto (presentado por última vez en data 21 de novembro de 2007), que a xuízo da informante é moi elevado, non tendo presentado tampouco nesta Administración ás gafas rotas co obxecto de valorar o seu importe de reposición. É de supoñer que dado o tempo transcorrido dende o accidente, case tres anos, a estas alturas a Sra. Castro xa tiña substituído ou reparado as súas gafas, e o correcto sería presentar a factura correspondente, polo que non resulta procedente o aboamento do importe do presuposto.

En conclusión, a indemnización de danos e prexuízos se fixa en 14.198,64 €.

Quinto.- Na data do accidente, o Excmo. Concello de Vigo tiña concertado un seguro de responsabilidade civil coa compañía aseguradora MAPFRE EMPRESAS (póliza nº 0960370028287), cuxo período de vixencia abarca dende o 01/01/2005 ate o 31/12/2005, cun límite de indemnización por sinistro de 900.000 € e cunha franquicia a cargo do tomador do seguro de 9.000 €. A indemnización que lle corresponde á Sra. Castro é de 14.198,64 €.

cantidade inferior ó limite de indemnización por sinistro, polo que este esta cuberto pola póliza, debendo aboar a compañía aseguradora o importe da indemnización, con exclusión do importe da franquicia, cuxo aboamento correspóndelle ó Concello, en calidade de tomador do seguro.

Sexto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local.

En mérito ó que antecede, se propón a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Estimar a reclamación formulada por D^a. Enriqueta Luísa Castro Pardeiro, en data 8 de xullo de 2005, por corresponder ó Excmo. Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos sufridos por esta, indemnizándoa coa cantidade de 14.198, 64 € en concepto de danos e prexuízos.

2º.- Comunicar o presente acordo á MAPFRE EMPRESAS, para que proceda ó aboamento da cantidade consignada no apartado anterior, con exclusión do importe da franquicia (9.000 €).

3º.- Dar traslado do presente acordo á Intervención Xeral deste Concello para que proceda o aboamento dos 9.000 € correspondentes ó importe da franquicia”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(923).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN QUE DEIXA SEN EFECTO A REDUCCIÓN DE XORNADA SOLICITADA POR D^a. M^a DEL CARMEN SOTO FERNÁNDEZ. EXPTE. 18274/220.

Dáse conta da resolución do concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, do 29.05.08, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

Vista a solicitude de D^a M^a del Carmen Soto Fernández, (núm. persoal 23484) auxiliar administrativa adscrita á Administración de Tributos (IBI), de deixar sen efecto a xornada reducida autorizada en virtude de resolución de data 6 de setembro de 2007,

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 5 de xullo do 2007 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal,

R E S O L V O

Deixar sen efecto a partir do día 1 de xullo de 2008, a redución de xornada solicitada por D^a M^a del Carmen Soto Fernández, núm. persoal 23484, auxiliar administrativa adscrita á Administración de Tributos (IBI), debendo percibir a partir do dito día 1 de xullo de 2008 as súas retribucións íntegras.

A presente resolución notifíquese á interesada, xefatura do Servizo, Intervención Xeral e Unidade de Persoal, e dese conta á Xunta de Goberno Local.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

28(924).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN QUE DEIXA SEN EFECTO A PRÓRROGA DA COMISIÓN DE SERVIZOS CONCEDIDA A D^a. SONIA LORENZO SANTOS. EXPTE. 18276/220.

Dáse conta da resolución do concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, do 29.05.08, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

Con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello 29 de maio de 2008, D^a Sonia Lorenzo Santos, con DNI 36.041.995-Y, e n^o de persoal 80274, funcionaria do Corpo Superior de Administración da Xunta de Galicia e en situación de destino noutras Administracións públicas, por estar desenvolvendo neste Concello unha Comisión de Servicios dende 11 de outubro de 2006, solicita se deixe sen efecto a mesma.

Dita solicitude ven motivada por ser publicado no día de hoxe no DOG a orde do 27 de maio de 2008, pola que se resolve o concurso xeral 1/2007, para provisión de postos vacantes na Xunta de Galicia e serlle adjudicado destino con carácter definitivo.

En dita orde establecece 3 días hábiles para o cese no destino actual a contar dende o día seguinte o de dita publicación.

Por isto, no uso das facultades que me confire o acordo da Xunta de Goberno de data 16 de xullo de 2007, sobre delegacións nos concelleiros de área,

RESOLVO

Deixar sen efecto a prorroga da Comisión de Servizos, concedida en virtude de resolución de 12 de novembro de 2007, de D^a Sonia Lorenzo Santos, con DNI 36.041.995-Y, funcionaria de carreira de Administración da Comunidade Autónoma de Galicia pertencente ao Corpo superior de dita administración, por resolverse o concurso xeral 1/2007, para provisión de postos vacantes na Xunta de Galicia e serlle adjudicado destino con carácter definitivo, cesando con efectos de 31 de maio de 2008.

Da presente resolución dese conta á interesada, Xefa da Área de Réxime Interior, Xefe de Patrimonio e Contratación, Intervención Xeral e Unidade de Persoal.

Dese conta así mesmo, a Xunta de Goberno Local, na vindeira sesión que se celebre.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

29(925).- SOLICITUDE DE PERMISO SEN SOLDADO DA FUNCIONARIA D^a. REYES VILLAMOR ALVAREZ. EXPTE. 18284/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 3.05.08, que di o seguinte:

A medio de escrito de data 19 de maio de 2008 (expte. 18284/220), D^a Reyes Villamor Alvarez, NIF 36.036.280-H, e núm. persoal 15711, auxiliar de administración xeral adscrita á oficina de Actividades e Instalacións da Xerencia Municipal de Urbanismo, solicita permiso non retribuído, por asuntos persoais, durante o mes de agosto do presente ano 2008.

En relación con dita solicitude emítese o seguinte informe:

O vixente "Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo" contempla no seu artigo 17 c) a posibilidade de solicitar permiso non retribuído por asuntos persoais ata un máximo de 6 meses cada 5 anos ou de 12 meses cada 10 anos, estando o funcionario solicitante en situación de alta no réxime xeral da Seguridade Social durante o seu disfrute e computando o tempo de duración do mesmo a efectos de antigüidade. Non computará o tempo a efectos de vacacións, permiso por asuntos persoais e pagas extraordinarias.

Por parte desta Unidade de Persoal non se observan impedimentos ao outorgamento do referido permiso, así como pola Xerencia Municipal de Urbanismo.

Por todo o exposto, a funcionaria que subscribe propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Autorizar a D^a REYES VILLAMOR ALVAREZ NIF 36.036.280-H e núm. persoal 15711, auxiliar de administración xeral adscrita á oficina de Actividades e Instalacións da Xerencia Municipal de Urbanismo, un permiso sen soldo por asuntos persoais, durante o mes de agosto de 2008, de conformidade co previsto no art. 17 c) do vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ó servizo do concello de Vigo.

Durante a súa duración a interesada permanecerá de alta no réxime xeral da Seguridade Social e computará a efectos de antigüidade, pero non a efectos de vacacións, permiso por asuntos persoais e pagas extraordinarias.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

30(926).- AXUDAS PARA HA REHABILITACIÓN DE VIVENDAS NO CASCO VELLO DE VIGO E BARRIO HISTÓRICO DE BOUZAS:

A) RÚA REAL 53. EXPTE. 337/431.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, do 23.04.08, conformado polo concelleiro delegado de Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a certificación emitida en data 22/04/2008 polo arquitecto municipal de finalización das obras de rehabilitación no inmovible localizado en R./ REAL 53, executadas ao abeiro do Convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Casco Vello, asinados o 27.04.2006 (7ª Fase), 23.04.2007 (8ª Fase) e o 08.11.07 (9ª Fase). Encadrados nos acordos e orzamentos da Fase 7ª, anualidade 2008 cara á tramitación coa Consellería de Vivenda e Solo.

NOME	ENDEREZO	NIF	ACP CVS	AXU MAX	AXU PROP*	CVS	MF
	R./ REAL 53, 0 -	*****352Y	3.956,10	7.000	1.483,54	741,77	741,77
	R./ REAL 53, 1º -	*****352Y	4.310,43	7.000	1.616,41	808,21	808,20
	R./ REAL 53, 2º -	*****352Y	4.310,43	7.000	1.616,41	808,21	808,20
	R./ REAL 53, 3º -	*****352Y	4.360,46	7.000	1.635,17	817,59	817,58
	R./ REAL 53, 4º -	*****352Y	3.903,99	7.000	1.463,98	731,99	731,99
TOTAL			20.841,41	35.000	7.815,51	3907,77	3907,74

SEGUNDO.- Conceder definitivamente a Domingo ***** (DNI/NIF nº *****352Y) as axudas do cadro que serán financiadas polo Ministerio de Vivenda e Solo Consellería de Vivenda e Solo nas cantidades indicadas no cadro. Conceder definitivamente ditas cantidades con cargo á partida 4320.7800700 do orzamento da Xerencia de Urbanismo.

TERCEIRO.- Condicionar o pagamento efectivo da devandita axuda ao remate e recepción municipal das obras, e á previa acreditación de que o gasto se aplicou á súa finalidade mediante os correspondentes documentos xustificativos.

CUARTO.- Notificar este acordo ao interesado, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

B) RÚA ALFREDO BRAÑAS, 2. EXPTE. 365/431.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, do 23.04.08, conformado polo concelleiro delegado de Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente o expediente de axuda para a rehabilitación do inmovible localizado en ALFREDO BRAÑAS (RUA) 002, segundo o cadro axunto, das obras executadas ao abeiro do Convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Casco histórico de Bouzas, asinado o 08 de novembro de 2007 (4ª Fase).

SEGUNDO.- Conceder aos solicitantes, as axudas propostas que serán financiadas polo Ministerio de Fomento e pola Consellería de Vivenda e Solo nas cantidades sinaladas no cadro.

Nome e apelidos	DNI/NIF	Situación	P.aceptado Consell viv. e solo	Axuda máx.	Axuda proposta € *	Min. Fom.	Consell. viv. e solo
	*****028-K	ALFREDO BRAÑAS (RUA) 002 - 0-A	1194,61	7000	836,23	477,84	358,38
	*****906-P	ALFREDO BRAÑAS (RUA) 002 - 0-B	1215,38	7000	850,77	486,15	364,61
	*****812V	ALFREDO BRAÑAS (RUA) 002 - 0-C	1752,96	7000	1227,07	701,18	525,89
	*****059X	ALFREDO BRAÑAS (RUA) 002 - 0-D	493,42	7000	345,39	197,37	148,03
	*****296B	ALFREDO BRAÑAS (RUA) 002 - 1-A	2303,51	7000	1612,45	921,4	691,05
	*****594H	ALFREDO BRAÑAS (RUA) 002 - 1-B	1963,31	7000	1374,32	785,32	588,99
	*****132L	ALFREDO BRAÑAS (RUA) 002 - 1-C	1072,55	7000	750,79	429,02	321,77
	*****812V	ALFREDO BRAÑAS (RUA) 002 - 1-D	2358,05	7000	1650,64	943,22	707,42
	*****039K	ALFREDO BRAÑAS (RUA) 002 - 2-A	2303,51	7000	1612,46	921,4	691,05
	*****013Z	ALFREDO BRAÑAS (RUA) 002 - 2-B	2596,97	7000	1817,88	1038,79	779,09
	*****085W	ALFREDO BRAÑAS (RUA) 002 - 2-C	1005,03	7000	703,52	402,01	301,51
	*****529U	ALFREDO BRAÑAS (RUA) 002 - 2-D	1072,55	7000	750,79	429,02	321,77
	*****274P	ALFREDO BRAÑAS (RUA) 002 - 3-A	2303,51	7000	1612,46	921,4	691,05
	*****018Z	ALFREDO BRAÑAS (RUA) 002 - 3-B	1256,93	7000	879,85	502,77	377,08
	*****492N	ALFREDO BRAÑAS (RUA) 002 - 3-C	2358,05	7000	1650,64	943,23	707,41

TERCEIRO.- Condicionar o pagamento efectivo da devandita axuda á finalización e recepción municipal das obras, e á previa acreditación de que o gasto se aplicou á súa finalidade mediante os correspondentes documentos xustificativos.

CUARTO.- Notificar este acordo ao interesado, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

31(926).- CONVENIO DE XESTIÓN URBANÍSTICA PARA A EXECUCIÓN DA URBANIZACIÓN DO POLÍGONO “POBO GALEGO” E O SEU ENTORNO. EXPTE. 4799/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 18.03.08, conformado polo arquitecto municipal e director da Oficina de Planeamento e Xestión, que di o seguinte:

O Concello-Pleno o 3 de xullo de 1998, aproba definitivamente unha Modificación puntual do Plan especial dos elementos a conservar, expte. 4556/411 (publicado no DOG nº 181 do 17 de decembro de 1998), pola que se altera a delimitación actual, excluindo o cuarteirón abrangido entre Príncipe, Travesía da Aurora e Doctor Cadaval, se modifica o ancho desta última que pasa de 12 a 10 m. de sección. Mantense a aliñación posterior do edificio do Pobo Galego (en situación de ruína), se incrementa a superficie do aparcadoiro previsto en subsolo que acada o límite da Unidade de actuación, con tres plantas e unha superficie total a construír de 3.075 m². Por último se recolle a ordenación do solar definida no Estudio de detalle redactado polos arquitectos d. Enrique e d. Martín Colomé Montañés, expte. 2053/411, visado polo Colexio profesional o 14 de xullo de 1997, e aprobado inicialmente polo Concello Pleno en sesión do 28 de maio de 1992, (publicadono BOP nº 197 de 9 de outubro de 1992), polo que se considera un único sólido, cunha superficie en planta de 355,60 m², unha edificabilidade sobre rasante de 1.780 m², unha altura de catro plantas e fíxase unha superfice para viais de 1.380 m² e para praza 702 m².

O sistema de execución previsto na Modificación puntual do PEEC para desenvolver a Unidade de actuación “Pobo Galego” é o de compensación, non obstante optouse polo de concerto con ocasión da aprobación do proxecto de equidistribución. O mesmo foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local de 26.12.05.

En data 31.12.06 a Xunta de goberno local deu aprobación ó proxecto de urbanización, reproducíndose a seguir a parte dispositiva: “(...) Aprobar definitivamente o proxecto de urbanización da unidade de actuación “Pobo Galego”, elaborado polos arquitectos dona Guadalupe Piñeira Manso e don Jesús Irisarri Castro <visado o 3.11.05, 3.05.06 e 20.06.06> (...)”.

O 11.02.08 o arquitecto de control da Delegación de Vigo do Colexio oficial de arquitectos de Galicia presenta escrito co seguinte contido: “(...) O Coag recibiu aprobación definitiva do proxecto de urbanización da Praza do Solar do <El Pueblo Gallego> no expediente 4360/401 en data de vinte e sete de novembro de 2006. Dacordo cos datos que figuran no expediente, ésta dase para unha Unidade de Actuación de 1.922 m², correspondendo 681 m² á nova praza e o resto da superficie a parte dos viais que a rodean: Doctor Cadaval, Rúa Perú e Travesía de Aurora e parcela destinada á nova edificación que constituirá a nova sede do Colexio de Arquitectos. No informe técnico que figura no expediente expñse que ditos límites de actuación son <formales> ou <administrativos>, non incluíndo a sección total dos viais e indicando que se debe estender a urbanización ás zonas que foron tratadas recentemente, para que o espazo interposto sexa urbanizado de xeito global. Os límites da unidade de actuación afectan as partes de rúas –parte de Doctor Cadaval-; urbanización ata o eixo da rúa –Travesía de Aurosa entre rúas Perú, Lugo e Doctor Cadaval- e partes de beirarrúas –separación de 1 m. aos edificios-. Este límite suporía executar a urbanización de xeito contrario ás boas prácticas e oposto á consecución do obxectivo común de urbanizar espazos completos con calidade. Na proposta do COAG, que se entrega en plano anexo –en cor verde-, mantense a superficie en 1.922 m² fixados da Unidade de Actuación, mantense o

presuposto que figura no expediente e que se fixa que o ámbito axustado comprenda entre a rúa Príncipe ata Doctor Cadaval, tendo como outros límites as rúas Perú e Lugo. Deste modo dase cumprimento ao acordo de buscar que o espazo sexa urbanizado de xeito global. SOLICITA: Axuste dos límites a urbanizar da Unidade de Actuación e que os anteditos límites non sexan “formais” ou “administrativos”, senón que pasen a ser límites concretos dunha urbanización realizable (...)”.

O Xefe dos servizos técnicos informou o 12.02.08 o seguinte: “(...) O 31/07/2006, a Xunta de Goberno Local aprobou definitivamente o <Proxecto de Urbanización da Unidade de Actuación do Pobo Galego, exp. 4630/401>. A superficie a urbanizar inclúe tramos da rúa Dr. Cadaval e Travesía de Aurora xa urbanizados. Os informes técnicos recomendaban, aproveitamento esta nova praza, actuar no entorno, humanizando os viais de conexión, o sea, Dr. Cadaval, Lugo e Perú. A día de hoxe, o Concello nin ten redactado o proxectado, nin consignación presupostaria. As obras do edificio do COAG estasen a construír, tendo previsto a súa ocupación no mes de decembro próximo. Sendo conscientes da dificultade que entraña a execución dos tramos de vial previstos e preocupados polo retraxo municipal, o COAG presentou o 11/02/2008, solicitude de axuste de límites da UA ós efectos de independizar no posible, a súa actuación do que poida facer o Concello.....<mantense a superficie de 1.922 m². Fixados na UA, mantense o presuposto que figura no expediente, e se fixe que o ámbito axustado dende a rúa Príncipe ata Dr. Cadaval, tendo como límites as rúas Perú e Lugo...>. Achega plano. A solicitude plantexada é razoable, sen menoscabo da calidade das obras. Insistir en manter o ámbito aprobado, estaría contra as boas prácticas de execución. Por outra banda, no suposto e que o Concello, por insuficiencias presupostarias non lle fora posible remata-la súa actuación e humanización, o edificio podería contar coa licenza de primeira ocupación o estar nun entorno como urbanización consolidada. As superficies son equivalentes <1.922 m>. Polo tanto, entendo que procede accede-lo solicitado, condicionado a que se no desenvolvemento das obras, compróbase algunha canalización ou instalación en mal estado, a súa reparación ou substitución sería por conta do solicitante. Enténdendose o referido, o novo ámbito de actuación (...)”.

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS.

1.- Obxecto e natureza do convenio.- O presente convenio ten por obxecto a definición das obras de urbanización que lle corresponde executar ó Colexio oficial de arquitectos de Galicia dada a súa condición de promotor da execución do polígono único da unidade de actuación “Pobo Galego”. O interese público na subscripción do presente convenio, consiste na armonización das obras de urbanización do entorno e a programación da execución das mesmas. A natureza do convenio ven definida no artigo 234.b da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia: “(...) aqueles que non afectando en absoluto a ordenación urbanística se limiten á determinación dos termos e as condicións da xestión e a execución do planeamento e demais instrumentos existentes no momento da súa formalización. Do cumprimento destes convenios en ningún caso poderá derivar ou resultar modificación, alteración, excepción ou dispensa de planeamento (...)”.

2.- Análise das cláusulas do convenio.- **Tra-la emisión do informe por parte do Director dos servizos técnicos de data 12.02.08, estímase convinte completar o ámbito da urbanización da Unidade de Actuación “Pobo Galego”.** Con respecto a rúa Doctor Cadaval, ó corresponder parte da súa urbanización ós promotores da actuación e parte o Concello, fai necesaria o establecemento de medidas que permitan un tratamento unitario á hora da execución da urbanización. De tal xeito, parece razoable que sexa o Concello (dado que lle corresponde a maior parte do tramo da rúa Doctor Cadaval) o que execute a totalidade do vial para darlle un tratamento uniforme. Así mesmo, resulta de interese para o Concello que os viais circundantes á actuación en execución teñan as mesmas características técnicas que a praza á que dan acceso.

3.- Procedemento de subscripción e formalización dun convenio de execución de planeamento.- De acordo co establecido no artigo 237 da Lei 9/02, de 30 de decembro, establece que unha vez negociados e subscritos os convenios, someteranse ó trámite de información pública, mediante anuncio no Diario oficial de Galicia, nun xornal dos de maior difusión da Provincia. Tra-la información ó público e a emisión dos informes que corresponda ás alegacións presentadas, procederá a aprobación definitiva do convenio e a formalización do mesmo.

4.- Órgano competente para a aprobación do convenio.- Tendo en conta o disposto no artigo 127 da Lei 7/85, de 2 de abril (introducida pola Lei 57/03), reguladora das bases de réxime local, o órgano competente para a adopción do presente acordo, é a Xunta de Goberno Local.

Polo tanto, á vista do informado, se propoñe a adopción do seguinte acordo:

1.- Aprobado inicialmente o convenio de xestión contido como Anexo á presente proposta, a subscribir entre o Concello de Vigo e o Colexio oficial de Arquitectos de Galicia polo que se define e harmoniza o ámbito de urbanización do polígono “Pobo Galego” e o seu entorno.

2.- Someter o presente convenio a un trámite de información pública por un prazo de vinte días. Pubríquese a apertura do mesmo no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior difusión da provincia de Pontevedra.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE XESTIÓN URBANÍSTICA POLO QUE SE DEFINE E HARMONIZA O ÁMBITO DE URBANIZACIÓN DO POLÍGONO ÚNICO “POBO GALEGO” E O SEU ENTORNO.

En Vigo, a dede 2008.

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Sr. Abel Caballero Álvarez, Alcalde do Concello de Vigo.

Doutra parte o Sr. Salvador Fraga Rivas, en representación do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, delegación de Vigo.

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- En data 3 de xullo de 1998, se aprobou definitivamente unha Modificación puntual do Plan especial dos elementos a conservar, expte. 4556/411 (publicado no DOG nº 181 do 17 de decembro de 1998).

SEGUNDO.- O sistema de execución previsto na Modificación puntual do PEEC para desenvolver a Unidade de actuación “Pobo Galego” é o de compensación, non obstante optouse polo de concerto con ocasión da aprobación do proxecto de equidistribución. O mesmo foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local de 26.12.05.

TERCEIRO.- En data 31.12.06 a Xunta de goberno local deu aprobación ó proxecto de urbanización, reproducíndose a seguir a parte dispositiva: “(...) Aprobar definitivamente o proxecto de urbanización da unidade de actuación <Pobo Galego>, elaborado polos arquitectos dona Guadalupe Piñeira Manso e don Jesús Irisarri Castro <visado o 3.11.05, 3.05.06 e 20.06.06> (...)”.

CUARTO.- O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, a través do Arquitecto de Control, presenta o 11.02.08 escrito no que se solicita axustar os límites de urbanización da Unidade de Actuación. Achegouse plano no que se propoñía o reaxustamento dos límites de urbanización, substituíndo unha parte da mesma por outra equivalente en metros cadrados. Consta informe do Director dos servizos técnicos de data 12.02.08 no que se informa favorablemente o reaxustamento proposto.

En base a estes antecedentes, as partes intervintes acordan formalizar un Convenio polo que se permite definir e harmonizar o ámbito de urbanización do polígono único “Pobo Galego” e o seu entorno.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O obxecto deste Convenio é a definición e concreción dos deberes de urbanización do promotor da execución da urbanización do polígono único “Pobo Galego”. O presente convenio ten a natureza de convenio administrativo de execución de planeamento o abeiro do disposto no 236 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

SEGUNDA.- O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia asume a obriga de urbanización do entorno da UE “Pobo Galego”, **cos límites propostos da rúa Doutor Cadaval, Perú e Lugo e Príncipe tal e como se contempla na proposta realizada polo COAG de data 11.02.08** . Para elo, se compromete a redactar proxecto técnico de

obras que deberá ser presentado ante este Concello de Vigo para que proceda a tramitación que corresponda. Na execución das obras, comprométese á reparación ou substitución de canalizacións ou instalacións que estiveran en mal estado.

TERCEIRA.- O Concello de Vigo exclúe do deber de urbanizar ó Colexio de Arquitectos de Galicia, parte das obras de tal natureza que se describían no proxecto de urbanización aprobado definitivamente o 31.12.06 pola Xunta de goberno local. Xa que logo, unha vez rematadas as obras de urbanización definidas no plano que forma parte do presente convenio, **procederá a recepción da mesma.**

CUARTA.- As obras de urbanización redefenidas tra-lo asinamento do presente convenio, se entenden que son unha unidade funcional directamente utilizable, xa que logo unha vez rematadas habilitarían para o outorgamento da licenza de primeira ocupación.

En proba da conformidade das partes, asinan o presente documento por triplicado, no día indicado no encabezamento.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

32(927).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA Á “COMUNIDADE DE AUGAS IGLESIA GOLETA E HERMINDE” POR OBRAS DE CANALIZACIÓN DE ABASTECIMIENTO. EXPTE. 55640/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado de Vías e Obras, do 30.05.08, conformado pola concelleira delegada de Vías e Obras, que di o seguinte:

Vista a solicitude de devolución formulada pola COMUNIDADE DE AUGAS IGLESIA GOLETA Y HERMINDE, de data 19 de maio de 2008, en relación a fianza constituída en data 2/10/2007, para responder dos danos que pudesan ocasionarse por execución de obras de canalización de abastecemento, constando copia do mesmo no presente expediente.

Visto o informe do Enxeñeiro Técnico de Vías e Obras, de data 29 de maio de 2008, donde se reseña que a zoa quedou en perfectas condicións, e polo que PROPONSE

Proceder a devolución da fianza a o aval a COMUNIDADE DE AUGAS IGLESIA GOLETA Y HERMINDE , constituída na data reseñada, polo importe de 125 euros.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

33(928).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA PARA O SERVIZO DE PRIMEIROS AUXI-

LIOS E TRANSPORTE SANITARIO NOS AREAIS DE VIGO, NA TEMPADA 2008. EXPTE. 74809/210.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 6.06.08, o informe de Intervención Xeral do 6.06.08, dáse conta do informe-proposta da xefa de Transportes, do 26.05.08, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade, Transporte e Seguridade, que di o seguinte:

É competencia municipal a prestación do servizo de salvamento e socorrismo nos areas da cidade, de acordo cos artigos 25 e 26 da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime, co artigo 115 da Lei 22/1988 de 28 de xullo de costas e coa Orde de 31 de xullo de 1972, pola que se dictan normas e instrucións para seguridade humana nos lugares de baño.

O Concello de Vigo carece de medios propios para a prestación do servizo de primeiros auxilios e transporte sanitario nos areas durante a tempada de 2008, prestándose durante os últimos anos o servizo mediante un Convenio coa Cruz Vermella.

A Cruz Vermella é unha institución humanitaria de carácter voluntario e interese público que, baixo a protección do Estado, a traveso do Ministerio de Asuntos Sociais, ven desenvolvendo desde a súa fundación unha importante actividade, tanto de promoción como de participación na consecución do benestar social, o desenvolvemento do voluntariado e o fomento da solidariedade. Entre as actividades propias da Cruz Vermella figuran a atención e socorro dos afectados por accidentes, o fomento e participación en programas de saúde e en accións que polo seu carácter altruista resulten máis convintes a saúde pública e a participación voluntaria e desinteresada das persoas físicas e xurídicas, públicas ou privadas, nas súas actividades.

A Cruz Vermella ofrece ó Concello a súa colaboración para a prestación do servizo de primeiros auxilios e transporte sanitario das praias, para o que para o que dispón da infraestrutura, os recursos materiais e o elemento humano: os voluntarios. Este servizo representa unha carga económica para a Cruz Vermella, considerando o gasto que supón a formación, a amortización e mantemento do material, a reposición do material funxible, o combustible de ambulancias, a reposición de gastos de manutención e transporte dos voluntarios, etc.

A dita carga económica se cifra en 146.747,04 €, e deberá ser sufragada polo Concello de Vigo, figurando prevista no vixente orzamento para esta finalidade a cantidade 150.000 €, na partida 222.0.227.06.00.

A Técnica de Administración Especial, con data de 26 de maio de 2008, informa que a achega municipal solicitada pola Cruz Vermella para facerse cargo dos primeiros auxilios e transporte sanitario nos areas de Vigo alcanzaría ó redor dun 70 % do custo que no mercado alcanzaría a contratación deste servizo.

A fin de articular a colaboración entre o Concello de Vigo e a Cruz Vermella na prestación dos primeiros auxilios e transporte sanitario nos areas de Vigo elaborouse un proxecto de convenio no que se desenvolven as cláusulas que deben figurar en todo convenio, de conformidade co disposto na base 40 da execución do orzamento, e se concretan as achegas municipais e os horarios e medios materiais e persoais que se destinarán á este servizo de primeiros auxilios e transporte sanitario.

Que coñecidas as actuacións practicadas no expediente 74809/210 do 2008, proponse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Asesoría Xurídica Municipal a adopción do seguinte, A C O R D O:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Cruz Vermella Española para a prestación de primeiros auxilios e transporte sanitario nas praias do Municipio dende o día 15 de xuño ata o 15 de setembro de 2008, co contido que no mesmo proxecto figura.

2º.- Autorizar o gasto, a disponibilidad do crédito e facer o abono do mesmo nos términos derivables da estipulación DÉCIMA do convenio, por un importe de 146.747,04 euros, con cargo á partida 2220.0.227.06.00 do vixente orzamento municipal.

3º.- O presente Acordo surtirá efectos a partir da data prevista no convenio e unha vez asinado o mesmo.

4º.- Dese conta do Acordo á Intervención Xeral a través da oficina de xestión.

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Cruz Vermella Española, coas modificacións propostas pola Intervención Xeral no seu informe de data 6.06.08.

2º.- Autorizar o gasto, a disponibilidad do crédito e facer o abono do mesmo nos términos derivables da estipulación DÉCIMA do convenio, por un importe de 146.747,04 euros, con cargo á partida 2220.0.227.06.00 do vixente orzamento municipal.

3º.- O presente Acordo surtirá efectos a partir da data prevista no convenio e unha vez asinado o mesmo.

4º.- Dese conta do Acordo á Intervención Xeral a través da oficina de xestión.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA PARA O SERVIZO DE PRIMEIROS AUXILIOS E TRANSPORTE SANITARIO NOS AREAIS 2008

En Vigo a de xuño de 2008.

REUNIDOS:

Dunha parte:

D. Abel Caballero Alvarez, alcalde-presidente do Concello de Vigo, nomeado por acordo plenario de data 16 de xuño de 2007, e en representación deste, segundo dispón o artigo 124.4 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Doutra:

Dª. Mª Teresa Alvarez Quicler, presidenta do Comité Comarcal de Cruz Vermella Española en Vigo, en virtude do nomeamento de data 9 de outubro de 2007 do presidente do Comité Provincial, en representación desta.

Os dous, de mutuo acordo

MANIFESTAN

PRIMEIRO: Que a Cruz Vermella Española, institución humanitaria de carácter voluntario e de interese público, está configurada legalmente como auxiliar e colaboradora das administracións públicas nas actividades humanitarias e sociais impulsadas por estas.

SEGUNDO: Que entre os fins estatutarios da Cruz Vermella Española figura a promoción e a colaboración de accións de benestar social de servizos asistenciais e sociais, con especial atención a colectivos ou a persoas con dificultades para a súa integración social. A prevención e reparación de danos orixinados por sinistros, calamidades públicas, conflitos, enfermidades e epidemias. A cooperación en programas de prevención sanitaria, accións de tipo asistencial e reparador no campo da saúde, e en xeral, o exercizo de toda función social e humanitaria, compatible co espírito da institución. Todo iso, baixo os principios de humanidade, imparcialidade, neutralidade, independencia, voluntariado, unidade e universalidade.

TERCEIRO: Que ao abeiro do Real decreto 415/96, do 1 de marzo, polo que se establecen as normas de ordenación da Cruz Vermella Española, e dos seus estatutos, aprobados por Consello de Ministros o 22 de abril de 1998 e en cumprimento da R(85) 9, do 21 de xuño do Comité de Ministros do Consello de Europa sobre traballo voluntario en actividades sociais, a Cruz Vermella é unha entidade idónea para contribuir ao desenvolvemento da política social do Concello de Vigo.

CUARTO: Que é competencia municipal, a prestación do servizo de salvamento e socorrismo nos areais de acordo cos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, co artigo 115 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas e coa Orde de 31 de xullo de 1972 (Presidencia) pola que se ditan normas e instrucións para a seguridade humana nos lugares de baño. (Clasificación do areal, servizo de vixilancia, servizo de auxilio e salvamento).

QUINTO: A Cruz Vermella está disposta a colaborar co Concello no servizo de primeiros auxilios e transporte sanitario das praias, para o que pon á disposición deste a infraestrutura, os recursos materiais e o máis importante, o elemento humano: os voluntarios. Este servizo representa unha carga económica para a Cruz Vermella, considerando o gasto que supón a formación, a amortización e mantemento do material, a reposición do material funxible, o combustible de ambulancias, a reposición de gastos de manutención e transporte dos voluntarios, etc.

Por conseguinte, ambas partes formalizan de mutuo acordo este convenio de colaboración nos areais, de acordo coas seguintes:

E S T I P U L A C I Ó N S

PRIMEIRA: A Asemblea Comarcal da Cruz Vermella Española de Vigo, comprométese a realizar o servizo de primeiros auxilios e transporte sanitario nos areais de Samil, Illas Cíes (praia de Rodas), Vao, Tombo do Gato (antigamente, A Fonte), Canido, Argazada, Teis e Fontaiña, durante a época estival do presente ano. (Nas datas e horarios que se detallan no anexo I e de acordo co disposto na cláusula novena do presente convenio).

Non é obxecto do presente convenio a cobertura de salvamento na mar nin a vixilancia dos areais anteriormente citadas.

SEGUNDA: Para levar a cabo o referido servizo, a Asemblea Comarcal da Cruz Vermella Española de Vigo comprométese a achegar os recursos materiais e humanos relacionados no documento anexo II e que previamente determinou o Concello como suficientes para a realización do servizo. Manifestan, por tanto, que con iso a Cruz Vermella se fai cargo da xestión dunha parte das competencias que a lei lle atribúe ao Concello e que do resto o único responsable será O Concello.

TERCEIRA: Que a Asemblea Comarcal da Cruz Vermella Española de Vigo achegará durante a vixencia do presente convenio o material da súa propiedade relacionado no anexo II.

CUARTA: A Cruz Vermella Española acreditará que todo o persoal asignado ás actividades asumidas pola institución en virtude deste convenio realizou os correspondentes cursos de formación, e que deberá estar en posesión dos cursos de socorros e emerxencias ou primeiros auxilios ou auxiliar de transporte sanitario, segundo o tipo de actividade ao que estea adscrito; así como aquelas outras titulacións específicas que esixa o desempeño das tarefas que lles fosen encomendadas.

QUINTA: O Concello de Vigo comprométese a sinalizar a localización dos postos de primeiros auxilios, a establecer accesos e mantelos accesibles para as ambulancias.

SEXTA: O cambio de bandeiras de sinalización de utilización de areas será responsabilidade do Concello de Vigo.

SÉTIMA: A Asemblea Comarcal da Cruz Vermella Española comprométese a efectuar os pagamentos necesarios motivados polas accións comprendidas neste convenio, así como a presentar mensualmente informes sobre o desenvolvemento do servizo e as estatísticas de atención.

OITAVA: Cada unha das entidades asinantes será responsable do cumprimento da normativa reguladora do tratamento de datos de carácter persoal, e ambas as dúas comprométese a dar cumprimento ao disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

NOVENA: En caso ningún esta prestación suporá relación laboral ningunha entre o persoal da Cruz Vermella e o Concello de Vigo.

DECIMA: Polo período de vixencia do convenio, o Concello de Vigo aboaralle á Cruz Vermella Española a cantidade de 146.747,04 euros, IVE engadido (cento coarenta e seis mil setecentos coarenta e sete € con 4 céntimos) con cargo a partida núm. 2220.227.06.00, de programa de seguridade nos areas do orzamento para o ano 2008.

En canto ao pagamento da referida cantidade, e para atender a necesidade de comprar o material preciso e o carácter de entidade sen ánimo de lucro que ostenta a Cruz Vermella Española, efectuarase antes do día 15 xullo o aboamento de 40.000 euros, antes do día 15 de agosto o aboamento de 40.000 euros e o resto unha vez finalizado o servizo.

O pagamento realizarase tras a presentación da correspondente nota de gastos por parte da Cruz Vermella Española que deberá conformar a Área de Movilidade, transportes e seguridade. O último pago realizarase previa certificación do cumprimento do Convenio pola unidade administrativa correspondente.

UNDÉCIMA: Créase unha comisión paritaria que formada por parte do Concello de Vigo por:

O Concelleiro-delegado de Seguridade ou persoa en quen delegue.

O Xefe da Área de Seguridade.

Un representante de Protección Civil do Concello.

Por parte da Cruz Vermella:

O presidente da Asemblea Comarcal ou persoa en quen delegue.

O coordinador xeral da Asemblea Comarcal.

O responsable do servizo de areas.

Ambas partes recoñecen esta comisión como válida para realizar as funcións de seguimento, coordinación e control, así como para resolver calquera controversia que poida xurdir tanto da interpretación como da aplicación do presente convenio.

DUODÉCIMA: O presente convenio de colaboración entrará en vigor o día 15 de xuño de 2008 e estará vixente até o día 15 de setembro de 2008.

DÉCIMO TERCEIRA: Para resolver calquera cuestión, incidencia ou controversia que se derive da interpretación e execución deste convenio, e que non poida resolver a Comisión Paritaria, ambas partes sométense de modo expreso á Xurisdicción e Tribunais de Vigo, con renuncia expresa ao seu propio foro se o tiveren.

E en proba de conformidade, as partes asinan por cuadruplicado o presente Convenio, rubricado en todos os folios e anexos estendidos nunha soa cara, no lugar e na data arriba indicados.

ANEXO I -DATAS E HORARIOS DE CADA POSTO

Posto no areal de Samil

-LUGAR: posto de primeiros auxilios no paseo do areal de Samil.

-DATAS DE ATENCIÓN: do 15/06/08 até o 15/09/08.

- HORARIO: Nos meses de xuño e setembro:

De luns a venres de 15:30 h a 20:00 h.

Fins de semana de 10.30 h a 20.30 h.

– Nos meses de xullo e agosto

De luns a venres de 11:00 h a 20:00 h

Fins de semana e festivos de 10:30 h a 20:30 h.

Posto no areal do Vao

-LUGAR: situado no areal do Vao ao carón da Estación Náutica.

-DATAS DE ATENCIÓN: do 15/06/08 até o 15/09/08.

- HORARIO: No meses de xuño e setembro:

De luns a venres de 15:30 h a 20:00 h

Fins de semana de 10:30 h a 20:30 h

- Nos meses de xullo e agosto

De luns a venres de 11:00 h a 20:00 h.

Fins de semana e festivos de 10:30 h a 20:30 h.

Posto na Praia de Rodas nas illas Cíes

-LUGAR: situado no lado norte do areal de Rodas nas illas Cíes.

-DATAS DE ATENCIÓN: do 15/06/08 ao 15/09/08

-HORARIO: Nos meses de xuño e setembro:

Dende o primeiro barco Vigo- Illas Cíes ata o último
Fins de semana.

Nos meses de xullo e agosto:

Dende o primeiro barco Vigo-Illas Cíes ata o último barco Illas Cíes-Vigo. Atención
diaria

Posto no areal do Tombo do Gato (A Fonte)

-LUGAR: posto de primeiros auxilios situado na praia da Fonte.

-DATAS DE ATENCIÓN: do 15/06/08 até o 15/09/08.

-HORARIO: Nos meses de xuño e setembro:

Fins de semana de 10:30 a 20:30 h

Nos meses de xullo e agosto:

De luns a venres de 11:00 h a 20:00 h

Fins de semana e festivos de 10:30 h a 20:30 h.

Posto no areal de Canido

-LUGAR: posto de primeiros auxilios na praia de Canido.

-DATAS DE ATENCIÓN: do 01/07/08 até o 31/08/08.

-HORARIO: De luns a venres de 11.00 h ata as 20.00 h;

Fins de semana de 10.30 h a 20.30 h.

Posto no areal de Argazada (Samil 2)

-LUGAR: posto de primeiros auxilios situado no areal de Argazada

-DATAS DE ATENCIÓN: Do 01/07/08 até o 31/08/08.

-HORARIO: De luns a venres de 11.00 horas ata as 20.00 horas;

Fins de semana e festivos de 10:30 h a 20:30 h.

Posto no areal da Punta

-LUGAR: posto de primeiros auxilios situado na praia de Teis.

-DATAS DE ATENCIÓN: do 01/07/08 ata o 31/08/08

-HORARIO: De luns a venres de 15:30 h a 20:30 h

Fins de semana de 10:30 h a 20:30 h.

Posto no areal de Fontaiña

-LUGAR: posto de primeiros auxilios situado no areal de Fontaiña.

- DATAS DE ATENCIÓN: do 1/07/2008 ata o 31/08/08

-HORARIO: De luns a venres de 15:30 h a 20:00 h.
Fins de semana de 10:30 h a 20:30 h.

ANEXO II - RECURSOS QUE APORTA A CRUZ VERMELLA

Posto no areal de Samil

-MEDIOS HUMANOS: 4 socorristas
1 condutor
1 D U E

-MEDIOS MATERIAIS: Posto fixo, ambulancia e material sanitario.

Posto no areal do Vao

-MEDIOS HUMANOS: 2 socorristas.
1 condutor – socorrista

-MEDIOS MATERIAIS: Posto fixo e material sanitario.

Posto no areal de Rodas nas illas Cíes

-MEDIOS HUMANOS: 1 médico (meses de xullo e agosto)
2 socorristas

-MEDIOS MATERIAIS: Posto fixo e material sanitario

Posto no areal de Tombo do Gato (A Fonte)

MEDIOS HUMANOS: 2 socorristas

-MEDIOS MATERIALES: posto de primeiros auxilios alugado
material sanitario.

Posto no areal de Canido

-MEDIOS HUMANOS: 2 socorristas.

-MEDIOS MATERIAIS: posto de primeiros auxilios alugado
material sanitario.

Posto no areal de Argazada (Samil 2)

-MEDIOS HUMANOS: 2 socorristas

-MEDIOS MATERIAIS: posto de primeiros auxilios alugado
material sanitario.

Posto no areal da Punta (Teis)

-MEDIOS HUMANOS: 2 socorristas.

-MEDIOS MATERIAIS: posto de primeiros auxilios alquilado
material sanitario.

Posto no areal de Fontaiña

-MEDIOS HUMANOS: 2 socorristas

-MEDIOS MATERIALES: posto de primeiros auxilios alquilado
material sanitario.

34(929).- INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN DAS FESTAS DE VERÁN E SEMANA GRANDE DAS FESTAS DE VIGO 2008. EXPTE. 2769/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Dáse conta do informe do xefe do Servizo de Animación Sociocultural, do 6.06.08, conformado polo concelleiro delegado de dito servizo, que di o seguinte:

A vixente lexislación (artigo 25.2.m da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local) outorga ao municipio, entre outras competencias, aquelas relativas a actividades ou instalacións culturais, así como ás de ocupación do tempo libre. Nesta liña, o Concello de Vigo está a organizar as Festas de Verán 2008.

A programación das Festas de Verán para o 2008 (e máis concretamente as actividades englobadas dentro da “Semana Grande”, durante a primeira quincena de agosto) contempla unha serie de eventos que se localizarán en diferentes espazos de forma simultánea (parque de Castrelos, praza da Estrela, peirao de Transatlánticos, praza de Compostela, casco vello, praza do Rei...). Por outra banda, cada un destes eventos conta con diferentes necesidades de montaxe e produción.

O servizo de Animación sociocultural non conta cos medios idóneos para satisfacer o obxecto deste contrato, polo que se fai necesario acudir á contratación externa deste servizo.

O artigo 93.1 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, establece que a iniciación dos expedientes de contratos debe iniciarse polo órgano de contratación.

Á vista do exposto, e coa conformidade do concelleiro de Animación sociocultural, faise á Xunta de Goberno local a seguinte

PROPOSTA.

“Que se acorde a iniciación do expediente de contratación do servizo de produción para os eventos das Festas de Verán e da Semana Grande das Festas de Vigo 2008, consonte o artigo 93.1 da Lei 30/2007.”

Acordo

a Xunta de Goberno local aproba proposta contida no precedente informe.

35(930).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DUNHA DOCENTE TIP PARA O PROXECTO VIGODIXITAL. EXPTE. 1435/321.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación celebrada o 21.05.08, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a Fujitsu Services, S.A. o concurso para a contratación dunha docente TIC para o proxecto Vigodixital (Expte 1435-321) por un importe de 49.300 euros/ano e coas seguintes melloras:

- Xornada anual de 1.740 horas anuais.
- Definición dun único interlocutor co concello que realizará labores de xestión do servizo e coordinación do mesmo.
- Soporte de tódalas áreas tecnolóxicas de Fujitsu aportando a experiencia funcional e técnica.
- Procedementos de traballo axustados á normativa de calidade ISO9001: 2000.

Todo iso de acordo cos pregos de condicións técnicas e administrativas aprobados pola Xunta de Goberno de 31-03-2008 e a oferta presentada.

36(931).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA ASISTENCIA TÉCNICA PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DA REMODELACIÓN DA RÚA TEÓFILO LLORENTE. EXPTE. 4254/307.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación celebrada o 4.06.08, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a Plans Estratéxicos de Transportes e Ambientais, S.L. (PETTRA) . o Procedemento negociado para a contratación da asistencia técnica para a redacción do proxecto de execución da remodelación da rúa Teófilo Llorente. (Expte 4254-307) por un importe de 29.950 euros e comprometéndose a execución das seguintes melloras:

- A incorporación ó equipo de redacción dun Enxeñeiro de Montes da especialidade Medioambiental.
- A elaboración dun estudio de tráfico como dato de análise para o deseño das características da humanización.

Todo iso de acordo cos pregos de condicións técnicas e administrativas aprobados pola Xunta de Goberno de 14-04-2008 e a oferta presentada.

37(932).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.